

NADAL EN GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

Beléns

Programación pechada con data 5 de decembro e suxeita a actualizacións.

DE INTERESE TURÍSTICO

BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE

Centro Cultural José Domínguez Guzmán. Quitimil, 2. Begonte
belendebegonte.es

- Do 29 de novembro ao 31 de xaneiro
- Do 30 ao 19 de decembro: Sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 13:00 h e de 16:00 a 19:00 h.

Do 20 de decembro ao 6 de xaneiro: Todos os días, 11 a 13 e 16 a 19 h.

Do 7 de xaneiro ata o peche: de luns a venres: de 16:00 a 19:00. Sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 13:00 h e de 16:00 a 19:00 h

Visitas colectivas: avisar previamente ao Tel. 610 907 306

Declarado de interese turístico de Galicia, móntase ininterrompidamente desde 1972 con pezas artesanais e mecanismos electrónicos para o seu movemento. 150 m2 con máis de 150 figuras.



BELÉN ARTESANAL EN MOVEMENTO DE VALGA

Rúa Nova, Campaña. Valga.
belendevalga.es

- Do 30 de novembro ao 11 de xaneiro

- De luns a venres de 17:30 a 20:30 h.

Sábados de 17:0 a 20:30 h.

Domingos e festivos de 12:00 a 14:00 h e de 17:00 a 20:30 h.

Declarado de interese turístico de Galicia, é unha das composicións do Nadal máis espectaculares da Comunidade galega, tanto polas súas dimensións como por incorporar tamén elementos da actualidade.

Tel. 630 95 25 15 / 986 55 94 56



A CORUÑA



BELÉN DE LA GRANDE OBRA DE ATOCHA

Baltasar Pardal Vidal, 1. A Coruña.

- Do 25 de decembro ao 6 de xaneiro.
- Laborables de 18:00 a 20:00 h.
- Domingos e festivos ao rematar a misa de 12:30 a 14:00 h. e de 18:00 a 20:00 h.

Inaugurado en 1953 e restaurado en 2001, faise a escala do mapa de Xerusalén. Conta cunha superficie de 120 m² e cunhas 150 figuras artesanais. O seu autor foi o artista ferrolán Camilo Díaz Baliño.

BELÉN MUNICIPAL DA CORUÑA

Salón exposicións do Pazo Municipal. Praza de María Pita. A Coruña.

- Do 12 de decembro ao 6 de xaneiro
- Todos os días de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h.
- Excepto:
 - 24, 25 e 31 de decembro: de 11:00 a 14:00 h.
 - 1, 5 e 6 de xaneiro: de 17:00 a 21:00 h.

Neste belén aparecen representadas persoas relevantes da historia da cidade.

BELÉN MÓBIL DE BETANZOS

Praza dos Irmáns García Naveira, Edif. Liceo-2º andar. Betanzos.

- De mediados de decembro a mediados de xaneiro.
- De luns a venres de 18:00 a 22:00 h.
- Sábados, domingos e festivos chamar por teléfono.
- Pechado o 31 de decembro pola tarde e o 1 de xaneiro pola mañá.

Cita previa grupos e posibilidade de visitar noutro horario: 609 691 692 (é recomendable chamar a este teléfono antes de facer a visita)

Preténdese representar con narración gravada e movemento a historia, xeografía, etnia e actividades diversas.

BELÉN DA ORDE TERCEIRA

Capela da Orde Terceira. Ferrol.

- Do 28 de novembro ao 5 de xaneiro: venres, sábados e domingos de 17:00 a 21:00 h.
 - Do 20 de decembro ao 5 de xaneiro todos os días de 17:00 a 21:00 h.
- Realizado por Alfredo Martín. Conta con máis de 60 anos de historia e máis de 200 figuras con movemento.

BELÉN DA SOCIEDADE CULTURAL O TILO

Rúa María, 182-baixo. Ares.

- Do 30 de novembro ao 4 de xaneiro todos os días, de 16:30 a 20:00 h.
- Pechado os días 24, 25 e 31 de decembro e 1 de xaneiro.

Entrada de balde

Grupos contactar no Tel. 669404425 ou no mail: scotilo@gmail.com
O belén iniciou a súa exposición no ano 1994.

Ocupa unha superficie de 70 metros cadrados e consta de máis de 300 figuras de barro lienzado cunha altura de entre 10 a 21 cada unha delas.

35 desas figuras son móbiles o que lle outorga unha maior espectacularidade. Trátase dun belén de estilo hebreo no que destacan a escena do Misterio na que San Xosé arrola o neno Xesús nos seus brazos nun movemento fermosísimo

BELÉN NAPOLITANO DA CATEDRAL DE SANTIAGO

Igrexa do Convento do Carme. Rúa de Sta. Clara, 8

Santiago de Compostela

- Ata o 11 de xaneiro.
 - Todos os días de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 h.
- Tradicional belén da Catedral de estilo napolitano con arrededor de 500 figuras artesanais e moitas con movemento. Ocupa uns 50 m². Ademais do Nacemento de Xesús, a Anunciación aos pastores e o cortexo dos Reis Magos, represéntanse multitude de escenas de vida cotiá e oficios tradicionais. É propiedade da Catedral de Santiago, grazas á colaboración de Turismo de Galicia.

BELÉN POPULAR DA CATEDRAL DE SANTIAGO

Igrexa de Santo Agostiño. Santiago de Compostela

- Ata o 11 de xaneiro.
 - Todos os días de 10:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h.
- Belén de estilo popular, con figuras de Nicolás Almansa (70m², 530 figuras realizadas de modo artesanal, algunhas delas con automatismos).

BELÉN TRADICIONAL EN SAN FIZ DE SOLOVIO

Igrexa de San Fiz de Solovio. Santiago de Compostela.

- Do 28 de novembro ao 5 de xaneiro.
 - De 11:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 h.
- Venres, sábados, domingos e vacacións escolares: 11:00 a 14:00 e 16:00 a 21:00 h.
- Datas especiais: 24 e 31 de decembro: de 11:00 a 14:00 h e 16:00 a 19:00 h
25 decembro e 1 xaneiro: 17:00 a 21:00 h.

Belén cedido e montado por José Uzal dentro dunha actividade organizada por Turismo de Santiago- Concello de Santiago de Compostela, coa colaboración do Arcebispo de Santiago, o Mercado de Abastos e o Colexio Maior Santo Agostiño. Máis de 200 figuras de barro e lenzo pintado, todas feitas a man, compoñen este nacemento que inclúe diferentes escenas, pezas en movemento e tamén iluminación.

BELÉN FAMILIAR DE CONXO

Ruela de Torrente, 6-8. Santiago de Compostela

- Do 6 de decembro ao 7 de xaneiro
- Luns a sábado: de 17:00 a 20:00 h.
- Domingos e festivos: de 11:00 a 13:00 h e de 17:00 a 20:00 h.

A familia Otero Moreira abre as portas da súa casa para poder contemplar este belén, comezado polo pai de Paco Otero en 1945. O Belén ocupa 45 m² a diversas alturas. Consta de 220 pezas decorativas (casas, pontes, fontes....). Case 2.000 puntos de luz, 1250 figuras e máis 125 figuras en movemento. Están representadas 39 escenas bíblicas. Tels: 981521900 / 680466876

BELÉN DA COLEXIATA DE SAR

Rúa de Sar. Santiago de Compostela

Claustro da igrexa. Entrada polo museo

- Do 15 de decembro a finais de xaneiro
- Luns a venres de 10:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 h.
- Sábados de 10:00 a 14:00 h
- Sábados tarde e domingos suxeito ao culto.

O belén está exposto no claustro da igrexa e non hai control de aforo, a visita é libre e gratuíta.

É un belén de 35 m² con 300 figuras artesanais, 100 delas con movementos e luz. A auga e o seu movemento (muíño, ferverza e río) son naturais. Ten función de día e de noite, ademais de tormenta nocturna con son de tronos e luces de raios.

Beléns

O BELÉN MÁIS RURAL - CLUN/ECOENER

Salón Noble do Pazo de Raxoi

Praza do Obradoiro- Santiago de Compostela.

- Do 9 de decembro ao 8 de xaneiro
- Todos os días de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h

Entrada de balde

Este belén, de 21 m² e con preto de 100 figuras artesanais, recrea a vida rural e transmite valores como a solidariedade, o respecto e a cooperación.

BELÉNS DO MUNDO

Museo de Bergantiños

Antigo cárcere do partido xudicial

R/ Martín Herrera, 8- Carballo

- Do 1 de decembro ao 12 de xaneiro.

- Martes: de 10:00 a 14:00 h.

Mércores, xoves e venres: de 10:00 a 14:00 h e de 17:30 a 19:30 h.

Sábados e domingos de feira (2º, 4º e 5º domingos de mes): de 11:00 a 14:00 h.

Luns: pechado

PROVISIONAL - BELÉN DE ORTIGUEIRA

Igrexa Parroquial de Santa Marta de Ortigueira

Nacemento de Ortigueira de Camilo Díaz Baliño

- Exposición do 15 de decembro ao 10 de xaneiro
- De 11:00 a 13:00 h todos os días

Entrada gratuíta

Teatro de grandes dimensións con representación en diorama do nacemento con lenzos pintados por Camilo Díaz Baliño en 1924. Á luz do achado da tumba de Tutankamón por Howard Carter, o autor representou elementos exipcios e orientais, para recrear o nacemento dun Mesías.

BELÉN DE LIÁNS

Igrexa Nova de Santa Cruz de Liáns

Rúa Daniel Castelao s/n, Oleiros

- Do 6 de decembro ao 2 de febreiro.
- De luns a venres: de 10:00 a 13:30 h e de 16:30 a 20:00 h.

Sábados, domingos e festivos: de 11:00 a 13:30 h e de 17:00 a 20:00 h.

Máis información: <https://www.santaeulaliadelians.com/ou> por teléfono no +34 981 614 255 (de 18:00 a 20:00)

Inmersión audiovisual en Liáns, Oleiros

O Belén da Igrexa Nova de Santa Cruz de Liáns é unha experiencia completamente diferente e novidosa. Ofrece unha inmersión realista no que aconteceu en Belén hai máis de dous mil anos. O nivel de detalle dos 20 artesáns internacionais que crearon as máis de 500 figuras, xunto co nivel tecnolóxico dos ciclos de día e noite, fai desta inmersión unha experiencia histórica do Nadal inesquecible e única. Pódese visitar en sesións de 30 e 60 minutos con reserva previa, ou nunha visita continua para un número limitado de persoas.

LUGO

CONCURSO DE BELENISMO DE LUGO

Local de Afundación na praza de Santa María. Lugo.

Pregón de Nadal o 19 de decembro ás 20:00 h quedando instalado o Belén

Social no patio de operacións do edificio de ABANCA, con entrada pola

Praza Maior, ata o 5 de xaneiro, de luns a venres en horario de oficina.

Tel. inscricións concurso (de 10:00 a 13:30 h): 982227705

VIVEIRO ANTE O BÉRCE

Centro histórico de Viveiro.

- Desde o 5 de decembro ata o 11 de xaneiro.

Este belén a escala natural destaca pola ambientación e o seu realismo.

BELÉN DE MONDOÑEDO

Fonte Vella- Rúa da Fonte. Mondoñedo.

- Visita libre desde a ponte de decembro ata o día de Reis incluído
- O belén é de madeira e está iluminado. Conta tamén con tres caixas de correo para as cartas aos Reis Magos.

BELÉN DA CATEDRAL DE MONDOÑEDO

Praza da Catedral.

- Do 5 de decembro ao 2 de xaneiro
- De 10:30 a 14:00 h e de 16:30 a 18:30h

Belén participativo de 70 m cadrados no que os visitantes se integran nel, como uns pastores máis que van adorar ao Neno. Montañas de gran tamaño, un río e diversas vivendas e personaxes que lle dan vida. A maiores, o Rosetón da Catedral funciona como un sol enriba do Portal e, da outra parte atópase, o gran Altar Maior do século XVIII ao que o Neno mira directamente dende o seu pesebre.

OURENSE

BELÉN DE ARTURO BALTAR

Espazo Expositivo Arturo Baltar. Praza de San Cosme e Damián. Ourense.

- Do 17 de decembro ao 6 de xaneiro:
 - Todos os días de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 20:00 h.
- 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro de 17:00 a 20:00 h.

Entrada de balde

Realizado polo escultor Arturo Baltar, con figuras de barro cocido de 20 a 25 cm, nas que se pode recoñecer populares personaxes da cidade das Burgas.

EXPOSICIÓN BELÉNS DO MUNDO

Sede do Bispado de Ourense. Rúa do Progreso, 26. Ourense.

- Do 11 de decembro ao 5 de xaneiro.
 - De 09:00 a 14:00 h, de luns a venres.
- Sábados e domingos: de 11:00 a 13:00 h
5 de xaneiro de 19:00 a 21:00 h.

Visita de grupos escolares: concertar visita chamando á Delegación de Misións 988366146 ou no link: https://calendar.google.com/calendar/u/0/appointments/schedules/AcZssZ2370RkNkPbtV7kr_DB5XBCef0k1u38om950gvvZThfqrUKW3StJyKNe08qNDRXx5L0mUWYvTb. Máis de 150 beléns vidos dos lugares onde están presentes os misioneiros diocesanos. Cada belén representa un misioneiro, un pobo e unha cultura e está feito co material propio de cada país.

BELÉN DE PARADA DE SIL

Capela de San Ramón-Praza do Concello. Parada de Sil.

- Do 9 de decembro ao 20 de marzo.
- De Luns a venres de 10:00 a 14:30 h

Visita libre e gratuíta.

Capacidade máximo 3 persoas por visita. Para poder visitar o Belén é necesario preguntar no Concello en horario da secretaría, situado ao lado da capela, para que lles faciliten o acceso.

Máis información: 689 683 713 ou paradadesil.es/

Realizado por José María Campo Herrero, conta con 200 pezas en barro e madeira e conta cunha reprodución a pequena escala do mosteiro de Santa Cristina.



BELÉN DA VIRUCA

Salón Parroquial da Igrexa Sta. María a Maior de Verín.

- Do 8 de decembro ao 6 de xaneiro.
- De luns a venres, polas tardes. Fins de semana e festivos, mañá e tarde. Máis de 150 m² de exposición, ducias de figuras, moitas móbiles, que recollen escenas bíblicas e oficios tradicionais, coa particularidade de contar con reproducións a man de vivendas significativas de Verín. Xunto ás escenas relixiosas, aparecen outras que fan referencia aos labores tradicionais relacionados coa comarca de Monterrei. Realizado por Viruca González coa colaboración dos seus familiares e amigos.

BELÉN ARTESANAL DA VEIGA

Nas rúas da localidade da Veiga.

- Do 6 de decembro ao 7 de xaneiro.
- A singularidade deste xigantesco belén ao aire libre está nos elementos naturais: troncos, pólas, xestas, madeira, cordas, teas e follas transformadas en figuras do reino animal propio da zona, ademais do Nacemento e o Apalador.
- Na elaboración deste belén enxebre implícase a veciñanza xunto co Concello para conseguir este belén sostible e natural, cheo de detalles que sempre sorprenden.

PONTEVEDRA

BELÉN MONUMENTAL DE VIGO

Casa das Artes. Rúa Policarpo Sanz, 15. Vigo

- Do 16 de novembro ao 6 de xaneiro.
 - De luns a xoves de 17:00 a 21:30 h.
 - Venres de 10:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:30 h.
 - Sábados, domingos, festivos e vésperas de festivos: de 11:00 a 21:30 h.
 - 24 e 31 de decembro e 5 de xaneiro : de 11:00 a 19:00 h.
 - 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro de 17:00 a 21:30 h.
- Entrada libre. Teléfono de cita previa para visitas guiadas: 669 997 613.
- A mostra, que ocupa máis de 200 m² conta con case 200 figuras. A montaxe estivo a cargo da Agrupación Belenista La Morana e modelada polo escultor Jose Luis Mayo Lebrija, un dos belenistas máis prestixioso de España

LX CONCURSO DE BELÉNS

Sala de Exposicións. Sede Afundación

Rúa Policarpo Sanz, 26. Vigo

- Do 28 de novembro ao 7 de xaneiro
- Do 28 de novembro ao 19 de decembro, de 17:30 a 20:30 h (todos os días).
- Sábados e festivos tamén de 11:00 a 14:00 h).
- Do 20 de decembro ao 7 de xaneiro: de 11:00 a 14:00h. e de 17:03 a 20:30 h.
- Pechado: 24, 31 de decembro e 5 de xaneiro pola tarde
- 25 de decembro e 1 e 6 de xaneiro todo o día.

BELÉN ARTESANAL EN MOVEMENTO

Centro Parroquial de Gondomar

Subida á Igrexa de San Bieito- Gondomar.

- Do 1 de decembro ao 12 de xaneiro.
 - De 11:00 a 13:45h e de 17:00 a 21:00 h.
 - Pechado de mañá os días 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro.
- Conta con 220 figuras en movemento e máis de 1.000 estáticas

BELÉN DE HERVILLE

Herville, Cella. Mos (A 1 km do alto de San Cosme)

- Do 8 de decembro ao 10 de xaneiro.
- Horarios:
 - Non festivos: De luns a venres: De 15:00 a 17:00 h e de 19:00 a 22:00 h.
 - Sábados: De 15:00 a 22:00 h.
 - Domingos: De 12:00 a 14:00 h e de 15:00 a 21:30 h.
 - Festivos: 1 de xaneiro: Pechado.
 - 24 e 31 de decembro, 5 de xaneiro: de 15:00 a 21:00 h.
 - 25 de decembro e 6 de xaneiro: de 17:30 a 21:30 h
- Grupos cita previa no teléfono: 638143080 (posibilidade de apertura en horarios especiais).
- Organizado pola Asoc. Cultural e Social de Herville desde 2006, este belén monumental conta con 80 m² de exposición. Entrada libre.

BELÉN DO PAZO DE MOS

Camíño da Rúa, 1. Mos

- Do 1 de decembro ao 7 de xaneiro.
- De luns a venres de 17:00 a 20:00 h.
- Sábados e domingos: de 10:00 a 14:00 h e de 17:00 a 20:00 h.
- Pecha o 25 de decembro pola tarde e o 1 de xaneiro todo o día.
- Para visitas de grupo poden facer a reserva no correo: inscricions@pazodemos.org.

BELÉNS DE TUI

Catedral. Tui.

- Do 22 de decembro ao 11 de xaneiro.
- De luns a sábado de 10:30 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00h.
- Domingos de 10:30 a 12:30 h e de 16:00 a 19:00 h.
- Prezo: gratuíto para residentes ou nados na Diocese e menores de 12 anos.
- Xubilados 4,50€ e resto 5€. (Discapacitados 33% entrada gratuíta) Inclúe visita a todo o conxunto.
- O nacemento está situado xunto ao retablo da Expectación. A exposición "Beléns do Mundo" pódese ver tamén por todas as naves da catedral.

BELÉN ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS DE MORAÑA

Centro Sociocultural Multiúsos. Moraña.

- Do 6 de decembro ao 11 de xaneiro.
- Luns a sábados de 17:00 a 20:30 h.
- Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h.
- "9 parroquias, 9 razóns". O belén, nunha sala de 130 m², ocupa unha superficie de 120 m². Recrea as parroquias de Moraña, oficios tradicionais, edificios emblemáticos... Realizado pola Asociación de Mulleres Rurais O Menhir.

BELÉN DE MANOLO

Avda. Enrique Peinador, 25. Mondariz-Balneario.

- Do 6 de decembro ao 2 de febreiro.
- Do 6 ao 21 de decembro, fins de semana e festivos: de 16:30 a 20:00 h.
- Do 22 de decembro ao 6 de xaneiro, todos os días: de 16:30 a 20:00 h
- Do 7 xaneiro ao 2 de febreiro, fins de semana e festivos: de 16:30 a 20:00 h.



Mercados

A CORUÑA

MERCADO DE NADAL DE MARÍA PITA

Praza de María Pita.

- Do 28 de novembro ao 2 de xaneiro
- De 11:00 a 15:00 h e de 17:00 a 22:00 h. Ata as 23:00 h os venres, sábados e vésperas de festivos.

Contará unha praza central cos postos de hostalería nos que non faltarán produtos habituais desta época do ano, como os churros, as crepes, o viño quente ou os gofres, mais tamén haberá postos de comida de diferentes partes do mundo. Por outra banda, haberá unha gran variedade de postos comerciais no mercado, con alimentación variada, menaxe, xoierías, produtos de artesanía, complementos, roupa, decoración de Nadal..

FERROL

MERCADO DE NADAL

Praza de Armas

- Do 5 de decembro ao 7 de xaneiro
- Participan 11 casetas de artesanía local con diferentes artigos de Nadal e 7 casetas de gastronomía e repostería.

MERCADO DE ARTESANÍA ALIMENTARIA DE NADAL

Praza da Constitución

- Do 12 ao 14 de decembro

PISTA DE XEO

Alameda do Cantón

- Do 19 de decembro ao 11 de xaneiro



SANTIAGO DE COMPOSTELA

MERCADO DE NADAL

- **Carreira do Conde:** do 28 de novembro ao 5 de xaneiro .
 - **Área Central:** do 20 decembro ao 5 de xaneiro.
 - De 12:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h
 - 24 e 31 de decembro: de 12:00 a 14:00 h
 - 25 de decembro e 1 de xaneiro pechado
- Mercado de produtos de Nadal: creacións ou elaboracións de Nadal, agasallos e produtos de alimentación propios da época
+info: mercadonadal.com

14º MERCADO DA ESTRELA

Santiago de Compostela

Hospedería San Martín Pinario, praza de Cervantes, praza 8 de marzo, corredor de Bonaval e CX Don Bosco

-Feira Creativa de Agasallos Galegos de Nadal con piano máxico, espazo familiar e gardería ludoteca, obradoiros creativos e musiquiñas pop-up na Hospedería San Martín Pinario.

Venres 19: de 17:00 h a 21:00 h. Sábado 20 e domingo 21: 11:00 h a 21:00 h

-Zona Foodtruck con DJs na praza 8 de marzo. Venres 19: 15:00 h. a 00:00 h, Sábado 20: 11:00 a 00.00 h, Domingo 21: 11:00 h a 22:00 h

-Espazos "A paisaxe que sabe" – Deputación da Coruña: carpa con marcas artesanais e agroalimentarias, fotomatón e bus de dous pisos con

showcookings na praza 8 de marzo e no corredor de Bonaval. Venres 19: 17:00 h. a 21:00 h. Sábado 20: 11:00 a 21:00 h, Domingo 21: 11:00 h a 21:00 h

-Espazo Estreleiro con xogo da oca xigante e empaquetado de agasallos na praza de Cervantes. Venres 19: de 17:00 h a 21:00 h. Sábado 20 e domingo 21: 11:00 h a 21:00 h

Concertos e xogos musicais na pista cuberta do CX Don Bosco coas actuacións de Triángulo de Amor Bizarro, IGMIG, Ulex, Montedapena, Antela, Maricarme, Sheila Patricia e Zálomon Grass

En colaboración con Artesanía de Galicia

Máis info: www.mercadodaestrela.gal

LUGO

MERCADO NADALMENTE LUCENSES

Praza Maior. Lugo

- Do 5 de decembro ao 5 de xaneiro
 - De 11:00 a 14:30 h e de 16:30 a 21:00 h.
 - 24 e 31 de decembro: de 11:00 a 14:30 h.
- (pechado o 25 de decembro e o 1 de xaneiro)

OURENSE

MERCADO DE NADAL

Parque de San Lázaro

- Do 5 de decembro ao 7 de xaneiro
 - De 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 22:00 h.
 - 25 de decembro e 1 de xaneiro: de 17:00 a 22:00 h.
- Animacións e obradoiros infantís pola tarde

POBOADO DE NADAL

Praza do Bispo Cesáreo

- Do 5 de decembro ao 6 de xaneiro
- Con actividades como manualidades e contacontos

PONTEVEDRA

POBOADO DE NADAL

Praza da Ferraría.

- Do 5 de decembro ao 5 de xaneiro
 - 25 de decembro e 1 de xaneiro pechado
- Ambientación de Nadal e mercado de artesanía e agasallo.

ESTACIÓN DO BOSQUE

Praza de España, Montero Ríos e Alameda (25 de decembro e 1 de xaneiro: pechado.

Estación de Xogos e Tirollesa

Actividades infantís para crianzas menores de 12 anos.

- Do 5 ao 18 de decembro: de 16:15 a 19:30 h
- Do 19 de decembro ao 3 de xaneiro: de 11:45 a 14:00 h e de 16:15 a 19:30 h

Pista de Xeo e tren

- Do 5 ao 19 de decembro: de 17:00 a 22:00 h
- Fin de semana e festivos: de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 22:00 h
- Do 22 de decembro ao 2 de xaneiro: de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 22:00 h
- 24 e 31 de decembro: 11:00 a 14:00 h e de 1:00 a 20:00 h

PONTEVEDRA MÁXICA

Pazo da Cultura.

- Do 19 de decembro ao 5 de xaneiro
 - De 16:30 a 20:00 h
 - 25 de decembro e 1 de xaneiro pechado
- Actividades infantís: talleres, contacontos, xogos tradicionais...

VIGO

MERCADOS DO NADAL

CÍES MARKET MERCADILLO TEMÁTICO

Praza de Compostela

VIALIA

Praza Centro Comercial Vialia

MERCADO DE NADAL ALAMEDA SUAREZ LLANOS

Bouzas

- Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h
- Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h
- Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h
- Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h
- Día 5 de xaneiro apertura ás 11:00 h, peche ás 22:00 h.



E ademais....



ARTESANÍA



ARTESANÍA
DE GALICIA

ARTESANÍA, SABER E SABOR

Ribadavia.

- Do 5 ao 8 de decembro

MERCADO DE NADAL EN TUI

Paseo da Corredoira. Tui

- Do 28 de novembro ao 5 de xaneiro

NADAL NO GAIÁS

Cidade da Cultura. Monte Gaiás

Máis información en: cidadedacultura.gal

- Do 2 de decembro ao 6 de xaneiro

Teatro, contacontos, música, obradoiros en familia, realidade virtual...

SOÑOS DE ARGONAUTAS

A instalación no Nadal no Museo Gaiás convidanos a descubrir unha paisaxe branca e dourada, con esferas e corredores inchables onde habitan historias repletas de aventuras.

- Do 2 de decembro ao 6 de xaneiro

- De 11:00 a 20:00 h.

24 e 31 de decembro: de 10:00 a 14:00 h.

25 de decembro e 1 de xaneiro: pechado

Visita libre, para todos os públicos

A ÁRBORE DOS DESEXOS

Fabricamos grilandas para a árbore de madeira do Museo, enfiando os nosos mellores desexos para estas datas.

- 6, 7, 8, 13 e 20 de decembro.

- De 12:30 a 13:30 h e de 17:30 a 19:30 h

Acceso de balde con reserva de praza. A partir de 6 anos.

VIVIR NAS NUBES

Pódese vivir nas nubes? Neste obradoiro para miniarquitectos e

miniarquitectas construímos colectivamente unha estrutura inchable e... a xogar!

- 14 e 21 de decembro.

- 17:30 hh

Acceso de balde con reserva de praza. A partir de 5 anos.

CONTOS AO REVÉS

Un contacontos diferente para descubrir clásicos como Rapunzel e Brancaneves con outra ollada.

- 26 de decembro e 3 e 4 de xaneiro.

- Ás 17:00 e 18:30 h

Acceso de balde con reserva de praza.

MERCADO DE NADAL "A TRASTENDA DE NICOMEDES"

Edificio praza do Concello. Viveiro.

- Do 19 de decembro ao 4 de xaneiro.

PAZO DE NADAL EN SANXENXO

Sanxenxo.

- Do 5 de decembro ao 5 de xaneiro.

Expositores de artesanía, talleres participativos, música, xogos, pista de xeo, etc.

REINVENTIO

É un espectáculo galego de gran formato que combina maxia, danza e artes circenses nun relato visual sobre a capacidade de reinventarse e recuperar a ilusión. A xira galega confirma **nove funcións en sete cidades**:

- 12 e 13 decembro: Teatro Jofre, Ferrol
- 14 decembro: Teatro Afundación, Vigo
- 20 decembro: Auditorio Municipal, Ourense
- 26 decembro: Teatro Afundación, Pontevedra
- 27 decembro: Auditorio Fuxan os Ventos, Lugo
- 3 e 4 xaneiro: Teatro Colón, A Coruña
- 17 xaneiro: Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela

CONCERTOS DO XACOBEO

- 12 e 13 decembro: Teatro Jofre, Ferrol
- 7 decembro: Mariza, dentro do ciclo Intermodal, 21:00 h, A Coruña
- 18 decembro: Grandes del Gospel, 20:30 h, A Coruña
Gilberto Santa Rosa, 20:30 h, Vigo
- 20 decembro: Morgan, dentro do ciclo Intermodal, 21:00 h, Santiago

ALDEAS DE NADAL. LALÍN

As aldeas de Nadal de Lalín son seis pequenos poboados temáticos que se instalan durante as festas de Nadal no centro urbano.

Están abertas todo o día e contan cun programa de actividades completo, incluíndo tren turístico, música, contacontos e espazo gastronómico.

- Do 5 de decembro ao 7 de xaneiro.
- De luns a domingo, de 11:00 a 21:00 h



XUNTA
DE GALICIA

galicia